MEMORIA FUNCIONAL XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

De conformidade co disposto no artigo 57.1 da Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesión, oficio e actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade, non ter sido condenado por sentencia firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificadas no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

Tendo en conta o antedito, nesta RPT identifícanse os postos da Consellería de Política Social e Igualdade (Anexo I) e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Anexo II) cuxas funcións implican un trato repetido, directo, regular e non meramente ocasional con nenos, nenas ou adolescentes, así como todos aqueles que teñan como destinatarios principais das ditas funcións a persoas menores de idade.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado por: GOMEZ SANTOS, MARIA FRANCISCA
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 16/10/2025 11:52:40

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: ML6oHl5pvsE7 https://sede.xunta.gal/cve

Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, 8A
15781 Santiago de Compostela
+34 981 54 56 53
subdirecciponpersoal.politicasocial@xunta.gal